

Domingo Tabuyo, o profesor que sempre estaba alí

CLAUSTRO DE PROFESORES DO IES ASOREY



MARTINA MISER

O claustro do IES Asorey rende hoxe unha homenaxe ao docente, xubilado no mes de agosto

22 dic 2022

O presente curso non arrincou igual no IES Francisco Asorey. Un dos profesores de maior antigüidade no Centro, Domingo Tabuyo, colleu a xubilación o 31 de agosto. Cando no primeiro claustro do curso se comunicou esta novidade, colleu por sorpresa a todas as persoas asistentes xa que o ata ese momento vicedirector, marchou con discreción e en silencio.

Dende o IES Asorey consideramos que non debiera quedar no esquecemento a moita importancia deste profesor na longa traxectoria do noso centro dende, 1991 ata este ano

2022. Digamos que se hai persoas que son importantes na construción e impulso dun proxecto ou dunha empresa, Domingo Tabuyo é unha delas. Chegou ao insituto no curso 1991/92, despois do curso inaugural do centro realizado por un equipo nomeado en comisión de servizos para botalo a andar. E neste momento converteuse no primeiro director dun claustro a onde chegaran doce mestres con destino definitivo.

Tabuyo foi quen lle puxo nome ao centro, facendo a proposta ao Claustro e ao Consello escolar, que resultou aprobada por unanimidade, e dende aquela pasou a denominarse IES Francisco Asorey. E en colaboración co Concello de Cambados e o seu obradoiro de cantería, e con deseño do profesor José Antonio Gago, naceu o monumento que é o símbolo deste IES.

Nese mesmo curso xa naceu a revista “Jolichadas”, bautizada así por Tabuyo, que se converteu no elemento de dinamización cultural do alumnado e onde moitos deles empezaron os seus inicios literarios. Non será o único nome de revista que Tabuyo creou, tamén a revista ParnaSur, de autores galegos e portugueses, que tivo dúas edicións, en correspondencia co programa educativo de cooperación transfronterizo, financiado pola Unión Europea, dentro de INTERREG, na que o centro, a través do Departamento de Administrativo, colaborou co Instituto luso Julio Martins de Chaves.

A partir do curso 92-93 empezan xa as obras de ampliación que soportou este centro, e tamén xa se puxeron en marcha un amplo número de actividades onde destacaba a creación do Grupo AsoreyTeatro que o propio Tabuyo dirixía.

Moitos dos proxectos que definen o noso IES son creación de Domingo, e grazas tamén a súa facilidade para integrar e animar a moito profesorado a participar nos proxectos en marcha ou noutros novos. Con el xurdiron ArtSorey, a proposta de artes e artistas do Asorey e artistas invitados que segue coñecendo edicións; Cambados Mar de Letras, concurso literario que se celebra co Concello de Cambados na honra do Poeta Ramón cabanillas e que inclúe publicación dun Libro con cada edición, sempre ilustrados por María

Gómez Paz; Os Murais do Asorey, proxecto dun Asorey de Arte, elaborados por Gerardo Rodríguez (Educación fonte de Paz e da Igualdade) ou por Susana Ferradás (Mulleres Cheas de Mar) quen neste curso realizará un novo adicado ás redeiras; o Premio SonDosNosos, con carácter anual, nos que se recoñece a un exalumno/a do Centro, que se caracteriza por acadar relevancia no eido cultural, profesional, movementos sociais ou investigación...

Seguro que quedan cousas atrás, pero sempre agradeceremos como claustro, e a nivel persoal, a súa facilidade para xestionar grupos, dinamizar e conciliar, por facer fácil o difícil, e ter e apoiar propostas do máis diverso para tentar levarlle aos alumnos conciencia e voz da igualdade e da diversidade, e por estar sempre alí cando abría o centro, esperando e recibindo a alumnos e profesores. E por suposto os seus discursos de despedida de compañeiros, cerimonia de fin de Bacharelato ou de homenaxes diversos, que tocaban emocionalmente o corazón de todos.

O Claustro de Profesores do IES Francisco Asorey, deséxalle que teña moita sorte e felicidade nesta nova etapa da súa vida.